

COÑECER, QUERER E DEFENDER O PATRIMONIO CULTURAL

Este é un programa inacabado. Da propia dinámica improvisaranse e nacerán outras actividades. As "Portas Ártabras" están abertas a recibir e informar:

"COÑECER GALICIA"

Viaxar de xeito colectivo é algo máis que aprender, é convivir, compartir o que os seres humanos fixemos e desfixemos ao longo da historia: arqueoloxía, arte, etnografía, paisaxe... Deste xeito, a institución do museo proxéctase máis alá do seu continente e das vitrinas ao verdadeiro escenario do acontecer cotián. Roteiros de autor, diferentes, para cada estación do ano, onde sempre haberá algo novo.

"COÑECE A TÚA CIDADE"

A cidade define aos seus habitantes, verdadeiro museo de actores, onde todo comunica a quen sensiblemente se achega a preguntarlle. Son paseos explicados polas propias rúas, as súas institucións, monumentos e empresas...

"COÑECE OS TEUS MUSEOS"

Hai algo máis que o continente dun museo e que o mesmo contido, formado por obras de arte, por artefactos, curiosidades e explicacións. A institución do museo é un xeito científico de conservar, documentar, estudar, divulgar ou sensibilizar.

PORTAS ABERTAS A OUTROS COLECTIVOS

O noso espazo de cultura está aberto a todos os colectivos que ansían sensibilizar sobre á inmensidade cultural, máis aínda cando coa crise se limitan espazos.

"LUNS DE PROXECCIONS DE ARTE"

Proxeccións de documentais e audiovisuais de autoría propia ou cedidos.

"XOVES DE VIAXES E ARTE"

Os xoves de cada semana impartiranse conferencias e leccións que, guiadas por especialistas, introducirán ao universo da cultura e dentro dela da creación.

"SEGUNDO XOVES DE MES": SIMBOLISMO

O enxeñeiro e especialista en simboloxía medieval Xosé Luís García Dornelas, cada segundo xoves de mes, axudado de imaxes, introduce á linguaxe dos símbolos.

CICLO "COMO SE VISITA UN MUSEO"

Cursiño anual dirixido especialmente a pedagogos, estudantes de turismo, animadores culturais, realizado co ansia de iniciar sobre as posibilidades didácticas e limitacións que ofrece a institución do museo. Experimentando tamén xeitos de interpretar a cidade e o medio. Repaso do estado da cuestión dos museos.



CIBERVIAXES

Menéndez Pelayo, 12 / 15005 A Coruña
[T] 981 216 600
Email: info@ciberviaxes.net
www.ciberviaxes.net

TERTULIAS, CONFERENCIAS, CURSOS

Seminarios feitos de xeito teórico-práctico coa ansia de sensibilizar sobre o valor cultural das creacións e os camiños da Arte, Arqueoloxía, Historia, Etnografía...

1 DE ABRIL: "DÍA DAS ARTES DE GALICIA"

En conmemoración da mesma data do ano 1188 no que se erguen os linteis do Pórtico da Gloria, baixo a dirección do Mestre Mateo e segundo consta labrado nos mesmos. Neste 2024, dedicado pola Academia G. de B. Artes ao escultor Francisco Asorey" (1889 Cambados - 1961 Compostela).

18 DE ABRIL "DÍA INTERNACIONAL DOS MONUMENTOS E DOS SITIOS"

Celebración da xornada para coñecer o estado da cuestión sobre o patrimonio cultural como escenario da "memoria colectiva" e como recurso museístico.

18 DE MAIO "DÍA INTERNACIONAL DOS MUSEOS"

Celebración dedicada a espallar a significación do museo na educación e na cultura. Xornada na que se da a coñecer o "PREMIO PEDRA DO DESTINO" á conservación e difusión do patrimonio cultural.

16 DE NOVEMBRO: "DÍA DO PATRIMONIO MUNDIAL"

Xornada para unha reflexión sobre o estado da cuestión e rendibilidade do patrimonio cultural máis significativo.

CONCURSO FOTOGRAFICO "OBXECTIVO DA MEMORIA"

O tema é o estado da cuestión do Patrimonio Cultural de Galicia. Bases na web.



San Famián (Sc. XVIII, Gambino)
Mosteiro de Oseira, Cea



Tarasca do Castromao
(Celanova)

2024 ACTIVIDADES 2024



Monumento a Curros, Coruña (Escultor Asorey)

OS MUSEOS: A REIVINDICACIÓN DO HUMANISMO NA ERA DOS ROBOTS

Si no século XIX foi a revolución industrial a que supuxo tantas mudanzas nas relacións humanas, neste noso século XXI acontece unha nova revolución, a das novas tecnoloxías. Sedutora innovación protagonizada por robots, pola intelixencia artificial (IA) a través de pantallas que coutan os sentidos. Enxergamos que a realidade supera á ficción. De dominar pasamos a ser dominados pola máquina.

Revolucións, experimentos coa súa parte positiva en canto supoñen avances para as relacións, a información, a medicina, a ciencia... en fin para a comodidade e o desenvolvemento da persoa e da sociedade. Aínda que tamén avances cos seus perigos, cando o valor de uso se fai arma de consumo, de dominio e acoso, incidindo na liberdade, nas culturas, desembocando na uniformación. Globalización perversa e abusiva da idea de democracia e da liberdade, onde parece que todo vale: a competitividade, os enganados, os timos...

Pantallas nas rúas, diante da cama, do sofá, da mesa, nas mans... plasmas que nos informan ou deforman, onde uns poucos programan para que os demais se fagan adictos consumidores: metamorfose, utilización do ser humano como mercancia de supermercado. Entón o herdo espiritual, o que singulariza, entra en crise.

Asumimos a cuestión: defendemos a liberdade cos seus lindeiros, a creatividade, os valores da persoa fronte ao campante totalitarismo tecnolóxico. Defendemos os valores culturais, a permanente revisión do pasado dende as novas perspectivas, aprendendo dos erros que tentan contra a persoa, contra a sociedade e a natureza que nos soporta. Fuximos pois dos tópicos, dos retrousos, da masificación, divulgando que non vulgarizando, tendencia, tan proclive en Galiza: o esperpento, o grotesco, como a ampla gama de hiperenxebrismos, entre tantos feismos que non son máis que efectos con causa na aculturación.

Este é pois un colectivo que asume a singularidade de cada ser humano, como actor e autor da súa historia, mais que como espectador. Partimos pois e movémonos no humanismo. Pois velaí a nosa lección, a lección dos museos, continentes e contidos sobre os que saber aplicar os sentidos, a sensibilidade.



AMIGOS dos MUSEOS de GALICIA
PORTAS ÁRTABRAS

“PORTAS ÁRTABRAS”

Así se coñece o espazo de cultura de *Amigos dos Museos de Galicia*, situado na rúa Sinagoga 22, edificio da autoría do arquitecto Antonio López Hernández, o modernista autor de “A Terraza” de Sada. Arquitectura con coidado traballo de carpintaría nas portas exteriores e interiores, as que suxeriron o nome de “*Portas Ártabras*”. Nome co que queremos lembrar tamén a antiga denominación da área xeográfica prerromana coruñesa, a dos ártabros. Edificio a carón da ábsida da *Colexiata de Santa María do Campo* ou dos *Mareantes*, co camarín da *Virxe da Estrela*, venerada imaxe, orientadora dos mariñeiros. “*Portas Ártabras*” é punto de encontro, de información das actividades e con canto ten que ver co patrimonio cultural e co turismo: conferencias, cursiños e exposicións, animan este espazo que conta ademais cunha biblioteca especializada en Galicia e en viaxes.

¿QUÉ É UN MUSEO?

O concepto de museo é cambiante, sometido ás modas como tamén o son ás novas técnicas museolóxicas. Se ben hai algo que permanece: institución aberta ao público, sen espírito de lucro, que adquire, conserva, investiga e difunde aspectos materiais ou ideolóxicos do acontecer pasado ou presente, ou canto pode arrodear ao ser humano, con fins de estudo, educación, turismo ou simple lecer.

¿QUÉ SON AS ASOCIACIÓNS DE AMIGOS DOS MUSEOS?

“... están formadas por homes e mulleres do gran público, sen fins lucrativos, organizados para a promoción e desenvolvemento do museo como institución ó servizo da sociedade” (I Congreso Internacional das Asc. de Amigos dos Museos, Barcelona 1972).

ANOTARSE NAS XEIRAS OU ACTIVIDADES

Os condicionantes de axencia, infraestrutura (transporte, hoteis), concertar visitas excepcionais, esixen certa coordinación e compromiso, por todo o que agradecemos inmensamente que @s interesad@s deixen constancia con antelación suficiente.

PARA CONTACTAR CON AMIGOS DOS MUSEOS DE GALICIA

En “*Portas Ártabras*”, Sinagoga 22, baixo. Cidade Vella.
A Coruña-15001 // 19 a 21 hrs. diariamente/ sábados de 12 a 14 hrs.
Tfn°. - 981210101 / 630930298
correo@amigosmuseosgalicia.org
www.amigosmuseosgalicia.gal

XANEIRO

* Mes de inicio do ano que serve para reorganizar aspectos de programación.

* **29 luns:** Presentación Programa 2024.

FEBREIRO

* **11 domingo:** Xeira de Aventura en relación co Entroido Tradicional.

* **25 domingo:** Xeira polo ribeiro das mimosas. Barbantiño e Trasalba.

* **26 luns:** Asemblea anual de socios.

MARZO

* **10 domingo:** Xeira con Allariz ao completo e Ambía.

* **A mediados de mes:** Cursiño “*Como se visita un Museo*”.

Introdución aos museos.

* **En data e tarde que se fixará,** visita guiada á exposición de Antonio Palacios.

ABRIL

* **1 luns:** “*Día das Artes de Galicia*”, dedicado ao escultor Asorey.

* **14 domingo:** Xeira intensa a través do Románico das Terras do Deza.

* **18 xoves:** Celebración do “*Día Internacional dos Monumentos e os Sitios*”.

* **28 domingo:** Xeira por Arousa, Illa, Vilaxoán, Pazo de Fefiñáns...

MAIO

* **12 domingo:** Viaxe a través da Arqueoloxía das Médulas e do Bierzo.

* **17 venres:** “*Día das Letras Galegas*” dedicado a Luisa Villalta.



Torques de Xanceda
(Museo Arqueolóxico de San Antón)

* **18 sábado:** “*Día Internacional dos Museos*” 18 de Maio. Acto en “*Portas Ártabras*” e no que se dará a coñecer o “*Premio Pedra do Destino 2024*”.

* **26 domingo:** Xeira ao Couto Mixto, entre a Limia e Tras os Montes.

XANEIRO							FEBREIRO							MARZO							ABRIL						
L	M	M	X	V	S	D	L	M	M	X	V	S	D	L	M	M	X	V	S	D	L	M	M	X	V	S	D
1	2	3	4	5	6	7	1	2	3	4				1	2	3	4	5	6	7	1	2	3	4	5	6	7
8	9	10	11	12	13	14	5	6	7	8	9	10	11	4	5	6	7	8	9	10	8	9	10	11	12	13	14
15	16	17	18	19	20	21	12	13	14	15	16	17	18	11	12	13	14	15	16	17	15	16	17	18	19	20	21
22	23	24	25	26	27	28	19	20	21	22	23	24	25	18	19	20	21	22	23	24	22	23	24	25	26	27	28
29	30	31					26	27	28	29				25	26	27	28	29	30	31	29	30					



Boteiros de Viana do Bolo

* **En data que se fixará,** farase unha visita á Escola de Canteiros de Poio.

XUÑO

* **9 domingo:** Viaxe a Grandas de Salime (Asturias). Arqueoloxía i etnografía.

* **Segunda Quincena:** Viaxe antolóxico polos Balcáns (Bulgaria, Serbia, Bosnia, Croacia... (Ver programa especial e inscribirse en Ciberviaxes. *Rúa Menéndez Pelayo / 12 Coruña, 15005 tfn.-981216600*)
Compostela.

* **En data e tarde que se fixará,** farase unha visita completa a Oza dos Rios.



Detalle retablo, Sc. XVIII.
Don Ramiro, Lalin

XULLO

* **14 domingo:** Xeira á Ribeira Sacra do Miño, Chantada.

* **28 domingo:** Xeira a terras do Minho, Melgaço e A Peneda.

* **En data e tarde que se fixará,** farase unha visita aos Castelos de Narahío e Moeche.

AGOSTO

* **11 domingo:** Xeira a Terras ourensáns da Veiga, O Bolo e as Hermitas.

* **25 domingo:** Xeira a Celanova e Bande.

* **En tarde que se fixará,** farase unha visita ao entorno histórico de Compostela.

SETEMBRO

* **8 domingo:** Tradicional xeira ao Courel de Novoneyra.

* **Última Semana:** Viaxe especial a Istanbul, (Ver programa especial e inscribirse en Ciberviaxes. *Rúa Menéndez Pelayo / 12 Coruña, 15005 tfn.-981216600*)

En data e tarde que se fixará, farase unha visita a Pontedeume e Breameo.

MAIO							XUÑO							XULLO							AGOSTO						
L	M	M	X	V	S	D	L	M	M	X	V	S	D	L	M	M	X	V	S	D	L	M	M	X	V	S	D
1	2	3	4	5			1	2						1	2	3	4	5	6	7	1	2	3	4	5	6	7
6	7	8	9	10	11	12	3	4	5	6	7	8	9	8	9	10	11	12	13	14	5	6	7	8	9	10	11
13	14	15	16	17	18	19	10	11	12	13	14	15	16	15	16	17	18	19	20	21	12	13	14	15	16	17	18
20	21	22	23	24	25	26	17	18	19	20	21	22	23	22	23	24	25	26	27	28	19	20	21	22	23	24	25
27	28	29	30	31			24	25	26	27	28	29	30	29	30	31					26	27	28	29	30	31	

OUTUBRO

* **6 domingo:** Xeira polo Mar de Pontevedra, Combarro e Illa de Tambo, a Lanzada...

* **27 domingo:** Xeira a Monforte e a súa Ribeira Sacra.

* **En tarde que se anuncie,** visita guiada da cidade vella de A Coruña.

NOVEMBRO

* **10 domingo:** Xeira a Viveiro, o seu entorno e Sargadelos.

* **16 sábado:** “*Día Mundial do Patrimonio Cultural*”.

* **Segunda quincena:** Viaxe antolóxico a Arxentina con dedicación a Bos Aires e á presenza galega. (Ver programa especial e inscribirse en Ciberviaxes. *Rúa Menéndez Pelayo / 12 Coruña, 15005 tfn.-981216600*)

* **En tarde que se anuncie,** farase unha visita ao Museo do Pobo Galego. (Compostela)

DECEMBRO

* **15 domingo:** Xeira ao Ribeiro de Leiro e Pena Corneira.

* **19 xoves:** Despedida de Ano en “*Portas Ártabras*”.

Viaxes longas previstas para o futuro

Mesmo pódense propoñer outras. Trátase de itinerarios de “deseño”, “de autor” fora dos programas convencionais e masivos. Ante todo tendo moi presente a seguridade, como a realización da totalidade do programa:

* **Primavera:** A Europa céltica (Suíza, Austria..) // Escocia // Sicilia, Sur de Italia // Malta //

* **Outono // Chicago,** ruta 66 //Cuba//

* **Cidades e rexións:** // Hamburgo//Valencia//Cordoba//Huelva, Rioxa...//

* **Entre outras xeiras,** que incluso poden repetirse con grupos minoritarios, engadir ou substituír.



Templo da Veracruz, Carballiño (Antonio Palacios)

SETEMBRO							OUTUBRO							NOVEMBRO							DECEMBRO						
M	M	X	V	S	D		L	M	M	X	V	S	D	L	M	M	X	V	S	D	L	M	M	X	V	S	D
					1		1	2	3	4	5	6															
2	3	4	5	6	7	8	7	8	9	10	11	12	13	4	5	6	7	8	9	10	2	3	4	5	6	7	8
9	10	11	12	13	14	15	14	15	16	17	18	19	20	11	12	13	14	15	16	17	9	10	11	12	13	14	15
16	17	18	19	20	21	22	21	22	23	24	25	26	27	18	19	20	21	22	23	24	16	17	18	19	20	21	22
23	24	25	26	27	28	29	28	29	30	31				25	26	27	28	29	30	23	24	25	26	27	28	29	